

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Festas e mitoloxía relixiosa

### *Os sete infantes*

Un día na Torre de Sarria vivía unha muller, o home estaba na guerra e ela estaba enbarazada. Cando deu a luz viu que tiña sete pequenos e mandoulle á criada que os levara ó río para matalos, pero que se quedara con un. No camiño a criada encontrou o home e el preguntoulle que levaba na bolsa, ela díxolle que eran gatos, pero el abriu a bolsa e viu os pequenos. O home repartiunos, e cando era a comunión do que se quedara na casa, o pai xuntou os sete e a nai morreu ao velos.

Recompilador: Sergio López Moure, Alumno de 3º de ESO no IES Xograr Afonso Gómez de Sarria (Lugo), curso 2005-2006.

Informante: M<sup>a</sup>Lidia (69 anos).

Lugar e data de recollida: Sarria (Lugo), 24 de abril de 2006.

Lugar da Lenda: Torre de Sarria (Lugo)